

Nos labirintos da alma

LEMA: *Anacronías da desesperación*

Tardes de outono,
no solpor dunha dúbida
que agocha os pasos que están por vir.
E as bágoas da rutina esvaran, amodo,
polos beizos de cristal do tempo
que latexa no reloxo das miñas ansias.
Vizosa inquedanza que se perpetúa
neste espazo de expresión salvaxe
e que debuxa o lenzo dunha hostil emoción
nos labirintos da alma.

De mirada transparente
que racha as cadeas da angustia,
de palabras mansas
que pousan o afixido espírito
nos aloumiños do acougo.
Aquí non se oen berros
nin manan regueiros de bágoas,
só nacen versos do silencio
cando laia ausencias.

Cada día un poema,
un alborozo que ceibar a ningures,
como unha volátil pregunta que navega
sucando o transparente océano do aire.
E agardar que volva de entre a silveira do silencio
cunha resposta que calme a rebeldía das miñas ansias.

Esta realidade infinda que me somete
como un escravo doutra época,
que nada posúe
agás a certeza da derrota final.

Xa non aturo este estrondo
que deixan as sensacións ao caeren mortas
polas verbas de chumbo e miseria
contra este chan de aguzadas pedras.
Elas van ficando coma cadáveres sen nome,
coa súa historia ciscada no interior da terra
que envolve sutilmente o pretérito das cousas.

O silencio cobre o día co seu manto de morriña,
e a miña arela de fuxir detén o reloxo das emocións
que podrecen esquecidas no faiado da casa desleixada.
Os versos lastran o piso do cuarto que me viu medrar
como follas dunha árbore que se ispe,
como suspiros dun pasado que me bica
e despois marcha paseniño, ás escuras.

A alma, sen pétalos, esvaécese na invernía do pecado.
E esta perenne soidade arríncame as páxinas da memoria,
cheas xa de anacolutos insensibles,
que describen unha, dúas... mil veces,
a fábula dos namorados que se queren
ver de lonxe.
Emporiso vou canso de loitar contra ti, dama invisible!
Cando soe o repique da campá do último asalto,
será a hora do ascenso ao ring dos infames,
e daquela xulgaremos recíprocas culpas
e todo terá rematado.

Segue a rutina sobre min, latente,
apreixando a esencia das cousas que me rodean,
como unha néboa que perverte as formas.

Entón nada ten valor
máis alá do silencio,
porque nel morre o caos que me asoballa
co seu despótico goberno.

E a rutina roza en min,
risca lascivamente a miña pel
coas súas frías mans,
deixando amosegas na carne que se avellenta,
que se perde no dédalo das inesgotables horas.

A derrota abre as súas ás e pousase sobre nós
que xa agoniamos co ferruxe do noso verbo.

Cada vez máis débil!

Cada vez máis bastardo!

Debanda o meu desacougo
por este perdido espazo da Chaira,
e arrastra a vontade dos meus pés cansos
empurrada pola arbitraria forza das sensacións.
E o renque das miñas pisadas vai ficando no leito de po
que alfombra a desleixada corredeira
que me leva a ningures.
Xa se achegan os exércitos do outono
polos pasadizos da miña alma.

Se un só verso deste maldito poemario
servise para conmocionar
queimaría os outros e ciscaría lonxe as súas cinsas
para que non ensombrecesen a singular función daquel.
Mais non creo na eficacia do meu verbo,
tan feble arestora, como a miña canseira de batalla.
A desesperanza grama en exceso as costas
e fame enterrar os pés en cada paso
que avanzo baixo este atafegante cisma
de corpo e alma.
E por riba, os segundos mófanse de min
con ese riso atemporal de malicia que renace.

Banxoi, nome do berce inventado,
mantense nesa calma que todo o atrapa,
como unha nube de densa foula
que ergue do chan un repentino refacho,
que nos cega os ollos para que non poidamos ver
a chegada do abandono sobre as nosas casas,
penetrando nas nosas ansias.

Aquí e agora non sei qué pensar,
nin que sentimentos expresar.

Talvez é culpa deste aire que respiro
e me queimou as paredes da alma,
ata facer de min un ser banal
sen afán de contenda.

Teño medo de afogar outra vez
no lamazal da indiferenza
e que non consiga palpar as emocións
antes de que elas marchen de min.

Perpetúase o silencio nesta república das cousas,
máis mesto e amargo,
e convértese en sepulcral desleixo.

Ninguén ten palabras de futuro,
non existe nas linguas da xente,
amante da resignación.

Se cadra debía fuxir axiña deste soño
que se ralentiza no berce da morriña.

Porén, onde ir?

Síntome atado á terra,
xunguido ao seu cheiro a natureza latente.

Despois de tantas revolucións
nada semella mudar.

Morreu a ambición pola idea
e naceu o inconsistente paraíso da materia.

De vagar morre a palabra no seu cadaleito de pedra,
deixando que a imaxe se transforme nunha deidade
á que os cínicos idolatran.

Chega a decadencia do concepto
brutalmente asasinado pola máquina das fugaces ilusións.

Por veces percibo como se disipa o meu celme,
como só resta de min unha arquitectura de carne e ósos
sen folgos para continuar a dialéctica loita.

Nos meus instantes convulsos apenas falo,
escoito o discurso dos outros que tan pouco me di,
só ladran coma cans de presa.

E a presa son eu, patético arquetipo de pensador,
que devece por matar o pensamento
para non ter que aturar máis a coitelada traidora do fracaso
que se achega a cabalo das estacións da vida.

Incluso a morte resulta absurda como vía de salvación,
como ridículo é invocar arestora ese termo,
cando o ser maquiavélico constrúe cidades
con rúas lastradas de sangue e ignominia.

Atópome só, de pé diante da fiestra da mañá,
ollando este deprimente panorama nuclear
de ruxido e claustrofobia.

Á espreita de que veña unha brisa de esperanza
bater nos vidros do meu pensamento
cos seus cálidos cotenos de morriña.

Mais ela non se presenta
e eu sigo atrapado nesta cela sen reixas
na que tamén me volvín preso da materia,
que me seduce coas súas promesas
envoltas en papel de agasallo.

Nacen escuros pensamentos
que van e veñen en min
como nubes de treboada
sucando pola inmensidade do medo.

Poesía espida, en estado puro,
como imaxe arbitraria de foula
que creou o meu corpo ao bater contra as sombras
que me perseguen polas corredoiras desta república,
leito das miñas superviventes ansias.

Non quero seguir destapando a miña alma doente,
debo agochala dos voitres que a pretenden destripar
para alimentar a súa bestial fame
de seres sen quentura no espírito.
Deixarei de ser o bufón da súa malicia
para converterme no fondo suspiro
do que xamais será escravo.

Banxoi no solpor,
últimos días do estraño inverno,
o mesto bosque en calma
apertando contra si o silencio
só rachado por rebelde asubío
e o tempo avanza cara ao funil da noite.
Agora nace o acougo,
mais xa todo se volveu incerto.

Hai días nos que me atrapa o desánimo
nas súas miserables redes
e vaime zugador os folgos das entrañas
ata facer de min un vulgar monicreque.
Por veces, só ansío respirar
aínda que o aire sexa unha velenosa adicción.
Errante ando
sobre a pel do cuarto que non me fala,
aquel no que me agocho das perversas miradas
dos que flanquean os meus segredos.
E deixo que as horas marchen
arrastrando o fardel das emocións
cara ao abismo dun tempo pretérito.

Lémbrome dun abril doutra época,
naquela estancia espida e morna de hospital,
a onde fun curar aquelas eivas físicas
que me deixaron os meus males de espírito.
Alí cheguei nun amencer dominical
que cheiraba a medo entre bágoas e lamentos
e no que o fracaso pousou sobre min as súas mans de fría lousa.
Mudei, de súpeto, nun soldado inerte,
nun poeta coa inspiración moribunda,
cos pensamentos espaxados polo cuarto
como páxinas avellentadas dun antigo diario.
Tamén me lembro do mesquiño sabor dos excesos,
da soberbia corrompendo a miña estulta vontade
cos seus ollos de lasciva meretriz.
E de ti, funesta dama, con sorriso cínico
fitándome dende a soleira daquel amencer:
Outra vez será!

Alén das miradas indiferentes
emerxe a cheirume dos corpos que perecen
en crueis batallas.
E o ulido fedorento chega a nós
como violenta pandemia
que asolaga cada recuncho
de todos os mundos interconectados.
Porque ninguén queda ausente deste cataclismo
de pensamentos que se odian,
deste perverso xogo de almas esnaquizadas
no trebón dos acontecementos.

Levas séculos fuxindo de min, soidade,
mais eu non quero tolearte coa miña famenta cobiza.

Soamente desexo falarche,
achegar as nosas sensacións,
minguando esta distancia que nos afasta
polo atallo da memoria.

Na intimidade do meu cuarto,
diante dunha folla en branco,
busco versificar a nosa absurda relación,
de amantes que se odian en cada bico que se dan,
en cada aloumiño que queima as carnes.

Mais ti permaneces esquiva,
e incluso me agasallas co desprezo da túa forma neutra,
deixando exánime o poemario deste mórbido namoramento.

Sutil vencemento o do desacougo
que me arrecanta cos seus brazos de xeo
contra os muros da tiranía
e me sentencia á pena do abandono.
Daquela, espállase a estraña sensación do medo
pola miña pirámide corpórea,
que atúe de anacolutos o meu intelecto,
coma unha metástase que corrompe toda a miña esencia.
Réstame, entón, liberar a destemida linguaxe
e na pelexa contras as hostes da ignorancia
exclamar a conmoción do meu irreductible verbo.

Como unha perpetua noite
a dúbida pousase sobre a miña pel,
escribe nela versos doentes
que declaman a angustia que non remata,
e fai que o silencio murmure frases baleiras
que se cravan coma finos coitelos
nas blandicias da alma.
E os días van caendo do meu almanaque existencial,
outonizas follas de fábulas perdidas
no dédalo tebroso do pensamento.

Cómo desandar o sendeiro da vida,
desta vida que mudou en feito inexorable,
que transcorre sen que eu apenas sinta a súa esencia,
para emendar no retorno os erros
que luxan o meu diario existencial.

Cómo lavar o sangue do pensamento
por ter silenciado a voz da alma
necesitada por aprehender o significado das cousas.

Se xa é tarde,
xa a hora da redención vai vencida.

A vella aldea morre amodo,
baléirase de corporal materia
e vaise enchendo do sutil recendo
que deixan as ausencias.

Namentres as pedras das casas laian
chamando pola quentura daqueles
que noutrora as habitaron.

Os camiños pechan os seus alongados corpos
en agoniante aperta coas musas dos esquecemento.

E, de súpeto, nada se escoita,
agás o murmurio das sombras.

Microcosmos de relacións humanas,
república dos desexos que loitan
por sobrevivir fóra do meu pensamento.

Pretendo nunha sucinta sentenza
o significado dos meus errados actos,
debaixo de cada pedra que tece un imperfecto mosaico
no camiño que chama por min.

Mais síntome illado e confuso,
coa dúbida de apreixar unha man
que mate a friaxe desta desorde emocional.

Lingua que abriga as miñas emocións
na invernía dos exércitos opresores,
pouso o medo na sutil esperanza
de non verte morrer
pola traizón dos que de ti renegan.

Manancial que sacia a secura dos meus beizos
cando agardo o asubío da túa poesía
rachando os meus silencios.

Alento que de min terma na fraticida loita
que inventaron os espíritos rexos
dos homes sen memoria.

Marchou maio
repenicando notas de choiva
no tamboril da calma,
versos da gris morriña
nas pólas mestas da mágoa.

Marchou maio
remexendo follas de ciscadas lembranzas
no fondo baúl da alma,
de soños feitos cinzas
na lareira das entrañas.

Foise maio
e apenas me deixou nada,
só unha fenda aberta
na parede da inquedanza.

Eu aquí fiquei
enxugando nas bágoas
dunha tristeza que nunca remata.

Entre as mans a flor do toxo,
no peito o recendo da Chaira.

Foise maio
ceibando bicos de auga
co seu pícaro sorriso
e apenas me deixou nada.

Eu quedei perdido
á deriva coas ansias

no oceano das palavras.

No pensamento unha cantiga,

nos beizos o sabor da Chaira.

Palabras que me dean acougo

é o que busco en cada centímetro da miña sensorial xeografía
en cada intre de soidade que me fai sombra.

Mais, á fin comprendo que o meu descanso xace nos silencios
que se estenden como sutís alfombras
diante dos meus pés cansos.

Corredoiira da desfeita

chea de toxos e silvas

que rabuñan as carnes dos que a atravesan

e van deixando o ronsel do seu sangue lastrado

nas súas rodeiras de foula e pedras.

Corredoiira que se pecha

como man enfurecida de inhumana besta

namentres o sangue dos vencidos aínda cobreguea

debuxando un río de lama sanguiníenta

que luxa a dignidade dos que agardan indiferentes.

Non sei se vedes o que eu vexo,
o lume queimando os soños da cidade
despois do criminal estrondo.
A eivadas figuras correndo
coas súas carnes abertas
polas rúas esnaquizadas.
Ollade a serpe da miseria
reptando polo medio das pedras,
bañándose no sangue dos caídos.
E o fume da malicia izando a súa forma,
como lutuoso veo que se estende
para enmascarar a traxedia.
Para que acougemos nas nosas cadeiras
de coniventes homicidas,
cuspindo na nosa lascivia
sobre o rostro dos mortos.
E que nos adoeza a alma
con historias de seres espidos
que arrastran os seus pés descalzos,
acoitelados pola invernía da desesperanza.

Agoniza a palabra
na gorxa abisal do home que a maltrata
cos seus berros doentes
co seu traidor silencio.
Deixará que morra
para que non delate o seu crime,
e así gobernará sobre a estulticia
dos que abaixan a cabeza e calan.

Talvez chegou a hora de partir
na procura do reino da Utopía.
Aquí nada queda por redimir,
todo vai perdido neste río de auga avolta,
no que aboian mortas as palabras dos inmaculados.
O que si se escoita é a voz dos hipócritas
rosmando falsos laios no interior das sombras.
Xa non aturo máis este patético murmurio
que se agarra a min coma unha velenosa hedra
co gallo de arrastrarme ao seu inferno de mentiras.
Emporiso non vou ceder,
non vou recuar da miña decisión de marchar,
Utopía agárdame nalgures, seino ben,
incluso podo sentila dentro de min, case baleiro de emocións,
un Anhidro percorrendo o túnel das miñas veas
que me empurran a continuar buscando
o fin dos elementos que me constitúen.

Xa ninguén convive
nesta terra erma de conceptos
na que as palabras perecen
baixo os pés do silencio.

A primavera vaise ocultando baixo as sabas da memoria,
anhela agocharse das poutas da desfeita
que continúa con aceno cruel o seu camiño
aterecendo os afectos co seu bafo xeado.

Marcha a primavera

entre tristeza e sarcasmo, medindo os pasos
para non espertar as hostes da tiranía
que hibernan nos seus cuarteis.

Pero o seu sono é lixeiro

e no comezo doutra estación acordarán
para esparexer a miseria no reloxo dos días.

Non quixera seguir escribindo máis
nin de min nin do desacougo
que me viste coas súas grises roupaxes.

Ansío, por un momento, que todo fique en silencio,
que tampouco se escoite a voz da miña angustia
poñendo nefastos adxectivos a cada pensamento
que de min xorde.

Mais non podo facer calar esas voces que me atormentan,
que empuñan as miñas mans a xulgar cada concepto
co gallo de saciar esa fame de dúbida,
raíz do meu saber, fonte da miña inspiración.

E as voces falan sen descanso
e as mans grafan a semántica desta inquietude
que persegue o meu nome polos carreiros da existencia
ata que a carne se volve caótica foula.

Versos de pedra e rabia
que me abrollan da alma,
dese manancial perpetuo
no que navegan á deriva as emocións.

Verbo fondo

arrincado das entrañas do absoluto que me comprende.

Un laio, talvez unha queixa polo tempo fuxidío
que me abandonou na beiravía dun presente
que non avanza.

Pensamento ineficaz en corpo que se extingue
e mutila os azos da esperanza.

A esencia do baleiro abrázase a min
como unha obsesiva amante.

Medra, daquela, o medo a non ser
ou a vivir de balde nesta anarquía
de materialismo reciclado.

E, á fin, o silencio falou...
E debuxou coas súas verbas
o ronsel dunha despedida,
lembrando os nomes que un día foron
e que por sempre ficarán na memoria
do que bebe no manancial do tempo.
Mais de min nada dixo,
só me acariñou a alma
cos seus dedos de lume,
á beira deste berce no que agardo
que sintades o que eu sinto.

Días grises nos que se oculta o rostro da alma
e as palabras resécanse no abismo da desidia,
ilusións esgotadas no lascivo suspiro de dous corpos
que se entregan á fugaz morte das emocións.

E a vida pesa como unha lastra de camposanto
en cada concepto xa baleiro de significado
que os beizos pronuncian na despedida.